

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

“RAPA DAS BESTAS DA CAPELADA 2018”

BASES DO CONCURSO.

1.— PARTICIPANTES.

- 1.1.— O concurso é aberto a fotógrafos profesionais e afeccionados de todo o mundo, maiores de 18 anos.
- 1.2.— Os concursantes deben ser autores e propietarios exclusivos dos dereitos das obras que presenten, debendo adxuntar declaración xurada da súa propiedade (Anexo II). As obras deben ser orixinais e non publicadas.
- 1.3.— Cada participante poderá presentar, unicamente, un traballo.
- 1.4.— Non poden participar os organizadores do concurso, os patrocinadores nin os membros do xurado ou as súas familias en primeiro grao.

2.— TEMA.

A idea deste certame é resaltar a festa etnográfica da Rapa das Bestas da Capelada, que se celebrará o domingo día 3 de xuño de 2018 na Serra da Capelada, ao norte da provincia da Coruña, en territorio dos Concellos de Cedeira, Cariño e Ortigueira, cuxo epicentro será o Curro da Capelada, nas proximidades do Santuario de Santo André de Teixido. Os participantes deberán desprazarse a este espazo xeográfico nesa data con motivo da celebración e recoller instantáneas que ao seu xuízo estean vinculadas coa propia festa en todas as súas manifestacións. De tal maneira que poden ser obxecto dos participantes os motivos que entendan relacionados coa propia festa e a súa contorna. Só se aceptarán obras relacionadas coa festa, dende os traballos de xuntar aos cabalos polo monte ata a propia rapa no Curro da Capelada, os personaxes participantes como protagonistas ou como observadores, a contorna física e humana, etc. Cada traballo presentado debe ir acompañado dunha breve descrición da imaxe e a situación xeográfica na que foi captada.

3.— FORMATO.

Os traballos deben presentarse impresos en papel fotográfico montado sobre cartón-pluma ou impresos sobre cartón-pluma ou similar soporte ríxido, nun formato mínimo de 15x20 cm. e máximo de 45x60 cm.

4.— ENVÍO DAS IMAXES.

- 4.1.— Os participantes deben enviar os seus traballos ao enderezo:

**ASOCIACIÓN CULTURAL Y RECREATIVA
CAMINO A SAN ANDRÉS DE TEIXIDO**
Polígono Industrial As Somozas, parcela 2.
15565 As Somozas – A Coruña.

- 4.2.— Xunto coa imaxe, deben remitir cumprimentado o formulario de inscrición que figura no Anexo I e a declaración xurada de propiedade (Anexo II).
- 4.3.— Os datos persoais facilitados polos concursantes a través do formulario de inscrición serán os empregados para contactar cos autores ou autoras das obras e formarán parte dun arquivo privado a cargo da Asociación Cultural y Recreativa Camino a San Andrés de Teixido, quen se compromete a non facilitalos a ningunha outra organización nin a particulares. A organización do concurso queda eximida de responsabilidade se os datos facilitados no son os correctos ou dan lugar a confusión a xuízo do xurado.
- 4.4.— Tanto a imaxe en máxima calidade como o formulario de inscrición e a declaración xurada de propiedade deben ser remitidos tamén en formato dixital ao enderezo electrónico: info@fundacionsantoandredeteixido.gal, indicando no asunto o NOME DO AUTOR e CONCURSO RAPA DAS BESTAS DA CAPELADA 2018.
- 4.5.— Os autores non premiados poderán solicitar a devolución dos seus traballos ao seu cargo no prazo de 6 meses desde a data do fallo do concurso.

5.— PROPIEDAD DAS IMAXES.

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Asociación Cultural y Recreativa Camino a San Andrés de Teixido, que publicará os mesmos nun catálogo propio, xunto cos traballos seleccionados como finalistas pero non premiados, se así o considera a organización. Os traballos seleccionados polo xurado como finalistas e non premiados, quedarán a disposición da Asociación durante un ano para organizar, de ser o caso, unha exposición itinerante.

6.— PRAZO DE INSCRICIÓN.

Só se aceptarán os traballos recibidos ata o **15 de XULLO de 2018**. Aínda que tamén se aceptarán as propostas recepciónadas en datas posteriores sempre que a data de envío xustificada corresponda co prazo de inscrición sinalado. Non obstante, débese enviar en prazo o e-mail informando da inscrición e a declaración de propiedade, como se indica no punto 4.4

7.— PREMIOS.

Primeiro premio: **1.000 €**

Segundo premio: **750 €**

Terceiro premio: **500 €**

4 Accésit: **250 €**

Todos os premios estarán suxeitos ás retencións fiscais establecidas pola lexislación española vixente.

8.— XURADO.

- 8.1.— O xurado do certame estará formado por un mínimo de cinco persoas, profesionais da fotografía ou fotógrafos de recoñecido prestixio e representantes da Asociación Cultural y Recreativa Camino a San Andrés de Teixido, entre outros expertos profesionais ou delegados de institucións que consideren os organizadores.
- 8.2.— O xurado poderá declarar deserto algún ou a totalidade dos premios se ao seu xuízo os traballos presentados non reúnen a calidade suficiente.

9.— ENTREGA DE PREMIOS.

- 9.1.— O xurado dará a coñecer o seu veredicto antes del 30 de SETEMBRO de 2018.
- 9.2.— Só os galardoados serán notificados directamente pola organización e se lles indicará o lugar, data e hora da entrega de premios.
- 9.3.— Antes do 31 de OUTUBRO, procederase á entrega dos premios nunha cerimonia á que deberán acudir en persoa os galardoados.
- 9.4.— Só nos supostos de forza maior xustificada, os gañadores deberán delegar a súa representación no acto de entrega de premios noutra persoa autorizada por escrito, que en ningún caso poderá substituír ao titular aos efectos legais nin de recepción do premio correspondente. Nese suposto, a organización e o premiado acordarán o momento en que de forma particular se poidan dilixenciar os trámites de entrega do premio sen máis transcendencia pública.
- 9.5.— Os premiados asumirán os gastos nos que incorran para recoller os seus galardóns no lugar que para tal evento indique a organización.

10.— DIFUSIÓN DAS IMAXES.

Os autores das imaxes presentadas ao concurso permiten o uso das mesmas en distintos medios, co obxectivo de difundir e promocionar o propio concurso. Estes traballos poderán ser publicados en medios de comunicación, páxinas web e/ou redes sociais, e utilizadas en proxeccións, exposicións, catálogos e en calquera outro formato que a organización considere oportuno. A participación no concurso supón a aceptación total destas bases e o fallo inapelable do xurado.

Organiza:



ANEXO I. FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

Nome e apelidos	
NIF	
Dirección postal	
Población	
Código postal	
Provincia	
País	
Correo electrónico	
Telefonos de contacto	
Título da fotografía	
Localización da imaxe	
Breve Descripción da imaxe	

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA

Nome e apelidos

N.I.F.

Con domicilio en

Localidade

Código Postal

Teléfono

Declara baixo a súa responsabilidade:

Que é da súa propiedade a imaxe presentada ao Concurso de Fotografía “Rapa das Bestas da Capelada 2018”. Que é unha obra orixinal da súa autoría e que a día de hoxe non está publicada en formato papel nin electrónico en ningún soporte de consulta pública.

En, a de de

Asinado:

O autor/a.

Se dispón de sinatura electrónica incorpórea neste documento; e se non, asine a man no documento impreso. Recorde que este documento deberá remitilo por correo electrónico para dilixenciar a inscrición no concurso e tamén deberá imprimilo para adxuntar ao envío da fotografía.

Enviar a:
info@fundacionsantoandredeteixido.gal

e a:
Asociación Cultural y recreativa Camino a San Andrés de Teixido
Polígono Industrial As Somozas, parcela 2
15565 As Somozas - A Coruña
